



“ Grazas ao BNG
-e ao contrario do que
viña sucedendo- só
cobrará quen traballe no
Concello ”

Impreso postal sen enderezo

No **BNG** apostamos polo futuro de Bergondo



Antón Sánchez



Juan Fariña

Se algo ten cambiado en Bergondo é o feito de que agora o BNG é decisivo e está en condicións de

impulsar determinadas accións, de feito, iniciativas importantísimas para os bergondeses e bergondesas como son a racionalización do gasto eléctrico no noso concello, a transparencia nas contratacións públicas, a celebración de plenos mensuais e, en xeral, un seguimento exhaustivo das actuacións do goberno. Somos unha alternativa de goberno, construtiva pero que sabe ser contundente cando se precisa; presentamos iniciativas para solucionar todo aquilo

que non funciona no noso concello e aportamos sempre medidas alternativas. Somos a alternativa de goberno necesaria para acadar o progreso de Bergondo, coa que se pode contar e a que fiscaliza o labor do goberno municipal sempre que sexa necesario e tantas veces sexa.

No BNG temos un plan para Bergondo e demostrámolo coas iniciativas presentadas nos plenos e co nos labor político de información á cidadanía.

Edita: BNG Bergondo



bng-bergondo@hotmail.com

En seis meses, o goberno non dá solucións á veciñanza

Coa situación de crise que padecemos, cos recortes sociais e de dereito precisamos levar a cabo políticas de futuro que nos saquen do estado de resignación no que nos teñen metido. No noso concello deberíamos de estar iniciando catro anos de cambios para a creación de emprego, dotación de saneamento, mellora das instalacións culturais, deportivas, seguridade viaria, con apostas ambiciosas de futuro.

Pero é evidente que estamos ante un goberno provisional que non ten un plan estratéxico para Bergondo.

Parece que a única estratexia deste goberno é vender como logros e favores o que non son outra cousa máis ca dereitos, asfaltar un camiño, un bache, limpar unha silveira, etc... e con liortas entre os socios de goberno para adxudicarse os méritos de obras que xa estaban contratadas antes das eleccións.

Seis meses despois da toma de posesión da alcaldesa e da formalización dun goberno en minoría é preciso facer balance, principalmente porque é no primeiro ano onde se sentan as bases dun mandato municipal.



O balance que presenta este goberno é ben pouco ilusionante:

- **O caso máis paradigmático é o PXOM** que segue a estar parado. Nin tan sequera se iniciou o proceso de contratación da empresa que deberá elaboralo, o cal para os habitantes de Bergondo, é moi grave, pois o Plan Xeral é fundamental para o noso futuro. Son seis meses perdidos que condicionan decisivamente que Bergondo conte cun Plan Xeral nestes catro anos.

O BNG defende que se inicie inmediatamente o proceso para contratar a empresa redactora e paralelamente se inicie un procedemento de información á veciñanza para ir avanzando e non perder máis tempo.

- **O Regulamento de Participación Veciñal segue parado.** É un instrumento que permitiría a veciños e veciñas de Bergondo ter máis información e poder decidir directamente no goberno do seu concello. Parece que a PSOE e a VB non lles interesa mellorar a democracia en Bergondo e prefiren seguir sendo vendedores de favores en troques

de dotar aos cidadáns e cidadás de dereitos e deberes.

- **En Urbanismo Bergondo segue a ser un concello onde non hai normas iguais para todos.** Uns poden facer determinadas cousas que a lei prohibe e, como ten que ser, a outros non se lles permiten.

É imprescindible para o noso progreso como pobo contar cunhas normas claras e para todos neste ámbito. Este goberno segue instalado na inercia dos anos anteriores.

- **En emprego, seguimos sen contar con política municipal de emprego,** cando o Concello debería ser parte activa na procura de vías de emprego para os e as bergondesas. Non se coñece nin unha medida orientada a crear emprego por parte do goberno local, só demagogia.
- Séguese a destragar diñeiro público en parches e seguimos sen contar cun campo de fútbol en boas condicións. (máis de 100.000 euros gastados e todo segue igual)

Éstas son as medidas que sacou adiante o BNG nestes seis meses:



- **Só cobran salario os concelleiros e concelleiras que teñan dedicación ao Concello.** Grazas ao BNG - e ao contrario do que viña sucedendo - só cobrará quen traballe no Concello e non se poderán compatibilizar os soldos doutro traballo co de concelleiro ou concelleira. Ante a pretensión de PSOE e VB de asignar un salario de 900 euros ao mes para todos os concelleiros e concelleiras do goberno, o BNG negouse. Aforráanse 84.000 euros nesta partida.
- **Aforro enerxético,** paralizamos a aprobación dun suplemento de crédito até que se tomaran medidas de aforro enerxético. As propostas do BNG aforraronlle a Bergondo máis de 80.000 euros. Lembrámonos moito das descualificacións dos membros do goberno, PSOE e VB, cando formulabamos estas medidas. Agora a veciñanza dispón de máis de 160.000 euros para gastar en cousas verdadeiramente necesarias.
- **Todos os partidos estarán representados nas mesas de contratación das obras.** Para procurar a

transparencia necesaria dun órgano municipal que sempre foi presidido polo escurantismo.

- **Os plenos serán mensuais e non cada dous meses como viña sendo até hai ben pouco.** Así, o goberno terá que dar contas á cidadanía máis a miúdo do seu labor.
- **A cambio da aprobación do suplemento de crédito** conseguíronse obras como o acondicionamento do Campo do Convento, a limpeza e mellora de Miodelo, asfaltado de varios camiños, entre outras obras.
- **Moción para que a Xunta de Galiza destinase unha partida nos Orzamentos 2012 para reparar a Ponte do Pedrido.** Aprobouse no Pleno, coa significativa abstención do Partido Popular. A raíz da moción incluíuse unha partida e finalmente licitárase a obra por valor de 2,3 millóns de euros no ano 2012.
- **Moción para o mantemento do “Programa Preescolar na Casa”.** Dentro da política de recortes sociais da Xunta de Galiza, suprimírase

este servizo que funcionaba tamén en Bergondo. Destrúese emprego e empeórase a educación en Galiza.

- **Facilitamos a aprobación dos orzamentos do Concello de Bergondo para o ano 2012,** coa nosa abstención, a cambio de introducir cinco propostas do BNG dirixidas principalmente á creación de emprego :

1) **Obradoiro de emprego.** “Horticultura, xardinería e silvicultura”, cun orzamento de 600.000 euros e que ocupará a aproximadamente 25 desempregados e desempregadas durante un ano.

2) **“Inventario de camiños, fontes e lavadoiros”,** fundamental para localizar e coñecer o patrimonio público, evitar conflitos de propiedade entre a veciñanza e iniciar políticas de posta en valor destes elementos.

3) **“Proxecto de valorización da costa de Bergondo”:** Con roteiros e divulgación dos valores ambientais da nosa costa que na súa maioría está declarada Lugar de Interés Comunitario.

4) **“Proxecto de xestión forestal”:** Para iniciar a posibilidade de que o monte xenere riqueza en Bergondo.

5) **Plan Estratéxico Bergondo 2021**

- **Aprobouse a obra de mellora do abastecemento en Corral da Igrexa, Sanín, O Meón e Outeiro,** que era unha vella reclamación do BNG sobre a que xa presentou unha moción no ano 2008. Aínda que sexa con retraso, aténdese esta xusta petición, xa que había veciños e veciñas que pagaran o enganche hai 20 anos e nunca gozaran do servizo.

A Contracapa

Ademais destas propostas:

O BNG segue tamén a ser a voz da veciñanza en asuntos do día a día reclamando esas pequenas cousas que fan máis agradable a vida da veciñanza:

- 1) A iniciativa do BNG procedeuse a desbrozar e limpar as marxes do río e do lavadoiro en Miodelo, así como á retirada dos montes de cascallos da beira do río (tarefa aínda non completada).
- 2) Grazas á nosa insistencia, a cuestión dos malos cheiros, por causa da incorrecta canalización

das augas fecais na Brea, en Guísamo, leva camiño de solucionarse.

- 3) A petición do BNG, tense limpado o lavadoiro da Brea, en Guísamo, e o acceso ao lavadoiro do Curro, en Santa Marta. Se ben é certo, que no segundo caso, a tarefa debe ser completada coa recuperación e adecentamento do camiño que comunicaba a Aldea de Arriba e O Curro.
- 4) Outros pequenos traballos como son a reparación da fixación da

marquesiña de autobús preto do bar Loli, en Guísamo, ou a limpeza das beirarrúas en Santa Marta débense á nosa insistencia para que se executaran ditas obras.

- 5) Seguiremos insistindo para que en Bergondo se lle dea solución á limpeza de fincas, tema demandado pola veciñanza longamente.
- 6) De igual modo, seguiremos demandando do goberno municipal que se esixa á Xunta que proceda á reparación da cuberta do centro de saúde de Bergondo.



Como contactar co BNG de Bergondo:

Sede Social BNG: Sobre a Igrexa, 21-baixo. 15640 - Guísamo
Portavoz municipal: Antón Sánchez • Telf. 647 535 841
Concelleiro: Juan A. Fariña • Telf. 679 473 114
Páxina web: www.bng-galiza.org/bergondo
Tamén estamos en Facebook
E-mail: bng-bergondo@hotmail.com

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional.
Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela.
Tel. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

